

OBSERVADORES INTERNACIONAIS PARA O 19-X

O xoves 2 de Xuño ás 19h na compostelana Praza de Fonseca, o colectivo “Mar de tinta” ten convocada unha rolda de prensa para denunciar as condicións nas que se realiza o voto en Galiza “para que Fraga siga balanceándose en coche oficial”. No marco desta campaña, os membros deste colectivo teñen previsto enviar un texto de denuncia a unha serie de organismos nacionais e internacionais como o Defensor del Pueblo, o Valedor do Pobo, a OSCE - ODIHR (Oficina para os Dereitos Humanos e a Democratización das Institucións), a ONU - PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento), A Junta Electoral Central, Xunta Electoral de Galiza..... Tamén estudan a posibilidade de solicitar o envío de observación internacional para que supervise a limpeza desta cita eleitoral.

ENCE FÓRA DA RÍA. MANIFESTACIÓN O 4 DE XUÑO EN PONTEVEDRA

Numerosos colectivos sociais apoian a manifestación que baixo o lema “Pola recuperación da ría, pola saúde e máis postos de traballo” sairá da Praza da Ferrería de Pontevedra o sábado 4 de xuño ás 20:30h. O apoio cidadán á causa contra a instalación da Papeleira e á retirada da Celulosa da ría é masivo, como revela o feito de que os organizadores da “contramanifestación” (vinculados a escuros intereses económicos e á alongada sombra do PP) decidiran desconvocala poucas horas antes do peche desta edición. O sábado 4 vémonos en Pontevedra!!

O 9 DE XUÑO REMATA O PRAZO PARA VOTAR POR CORREO

Se o día 19 non vas poder estar na localidade onde estás censado, ou por motivos de traballo non vas poder ir “botar”, recorda que podes exercer por correo o teu dereito. Recorda que antes do 9 de xuño terás que presentar en calquera oficina de correos unha solicitude de inscrición no censo. O modelo para facelo podes recollelo na mesma oficina. Esta solicitude terás que presentala persoalmente e exhibindo o teu DNI, pasaporte ou carné de conducir. Só en caso de doenza, e presentando un certificado médico oficial, poderá solicitálo por ti outra persoa. Xa sabes, se o 19 non podes ir botar, bótaos por correo!!

PRESENTACIÓN EXPANSIVA DE “HAI QUE BOTALOS”

Ao peche desta edición, aínda non estaban confirmados todos os locais e colectivos que organizarán unha presentación do filme máis visto na historia do audiovisual galego para as próximas datas. Para o día 4, está prevista a presentación a nivel expansivo, é dicir, simultánea en todo o país e parte do extranxeiro. Se queres asistir a unha destas proxeccións na túa localidade, consulta a nosa web ou Así mesmo, se vas organizar unha presentación na túa localidade para esta ou outras datas, mándanos un mail a



IMPRIME,
FOTOCOPIA,
REPARTE...
PARTICIPA!

NON O TIRES,
PÁSAO!

O día 19 de Xuño non acaba o mundo. Pero é un día importante. Galiza ten a oportunidade de definirse acerca de si mesma. Díxoo moi ben Fraga hai pouco tempo. Galiza ten que escoller entre o prestixio e a aventura. Implicámonos na campaña electoral a favor da aventura. Entre outras razóns porque o Prestixio do Señor Fraga afundiú definitivamente, hai case tres anos, a duascenas millas da nosa costa.

Moitas e moitos de nós estamos desencantados coa clase política. Pero iso non significa que non reclamemos o noso lexítimo dereito a participar activamente na vida política galega. E hai que dicir ben alto e claro que o Partido Popular impide de maneira sistemática a participación dunha boa parte da sociedade na construción do país. Insultos, ameazas, listas negras, sobornos a cargo dos nosos cartos forman parte do seu caduco estilo político.

Non sabemos se o “boto” abrirá novas vías no país. Pero é a nosa maneira de reclamar outra forma de facer as cousas. Pensamos que antes de nada hai que airear a casa e botar fóra os fantasmas que nos prenden a un modelo social e político esgotado e inútil. Iso é o que cabe decidir nestas eleccións, se aceptamos continuar co caciquismo e a intolerancia ou, se pola contra, decidimos implicarnos sen medo no avance real e democrático da nosa sociedade.

O día 19 imos ter festa rachada, pase o que pase. Somos conscientes que temos unha sociedade viva e libre, disposta a comprometerse na construción deste país, unha sociedade capaz de cooperar e tecer novas redes de acción e participación. Unha sociedade consciente de que o país é cousa de todas e todos e non só dos políticos. E por isto, sen formar parte de ningún partido, queremos aportar a nosa “pedra de granito” a estas eleccións. Para que se teña en conta que existen outras visións sobre Galiza que só se poden resumir nun lema:

Hai que Botalos!

(Extracto do panfleto electoral da campaña para a estimulación do “boto”)

FRAGA DI QUE NON METE A MAN, PERO DEIXA QUE OS SEUS A METAN

Os gastos de protocolo de Fraga acadaban en 2004 os 732.830 euros, aproximadamente nos sae a 14000 pts/hora. Non meterá a man, pero un pouco caro si que é.

A irmá do presidente, Rosario, os seus fillos Pedro e María Puy e o seu xenro, José L. Rodríguez Pereira, gozan de alto cargo na Xunta. O marido da ex-ministra Ana Pastor, o irmán do conselleiro de educación, a sobriña de Romay Beccaría e o fillo e un irmán de Portomeñe gozan de igual privilexio.

Haberá quen diga que teñen dereito se aprobaron as súas oposicións, pero así calquera. Un asesor do conselleiro da presidencia fixo un bo exame e acadou posto como conductor nun tribunal no que o presidente era o cuñado do secretario xeral da presidencia, Pablo Figueroa. A esposa e o cuñado tamén teñen alto cargo na Xunta.. A irmá do asesor-conductor tamén obtivo alta puntuación nas oposicións de auxiliar administrativa.

Pero non só na Xunta do PP son moi familiares, os alcaldes do PP tamén. Nas mesmas polémicas oposicións obtiveron os primeiros postos persoas cunha característica común: ser de Boqueixón, entre elas a sobriña do alcalde, Adolfo Gacio, e a do alcalde de Negreira. Unha irmá desta tamén é funcionaria no concello de Boqueixón. Qué fai tanta xente de Negreira en Boqueixón? A explicación estaría en que a actual parella do alcalde de Boqueixón gozou dunha praza de alta remuneración como arquiteira do concello de Negreira.. Por certo, a ex de Adolfo Gacio tamén traballa na Xunta.

O concello de Ribeira publicou as facturas polo Prestige. Entre elas chama a atención os 100 millóns de pts. para ferretería e vestiario de traballo de PEYCAR, empresa fornecida por Gallega de Suministros Industriales vencellada á familia de Cuña. Tamén é "simpático" o detalle das facturas presentadas polo ultramarinos de Sofía Pego, irmá da secretaria do alcalde de Ribeira, que vendeu 6 millóns de pts en bocadillos e bebidas.

GALIZA VAI A MÁIS CO PP (En vacas tolas)

2002: 35 CASOS DUN TOTAL DE 127 NO ESTADO.
Isto é o 28% do total de casos de vacas tolas no Estado

2003: 62 CASOS DUN TOTAL DE 167 NO ESTADO.
Isto é o 37% do total de casos de vacas tolas no Estado

2004: 58 CASOS DUN TOTAL DE 137 NO ESTADO.
Isto é o 42% do total de casos de vacas tolas no Estado

2005: (no que vai de ano):18 CASOS DUN TOTAL DE 38 NO ESTADO. Isto é o 47% do total de casos de vacas tolas no Estado

Información da "Administración General del Estado"



FRAGA FINANCIA A SÚA CAMPAÑA CON CARTOS PÚBLICOS

Fraga vén sempre con cartos no peto. Como se fosen del, e non dos orzamentos da Xunta de Galicia que nacen dos impostos que pagamos tod@s. Reparte os cartos onde máis interesa: onte, aos afectados pola marea negra que a súa irresponsabilidade e a do seu goberno amigo estenderon por todo o litoral; hoxe, no agro e na emigración que considera van aportar os votos decisivos nas vindeiras eleccións.

Así o último consello da Xunta aprobou unha asignación de 1,8 millóns de euros para axudas a galegos e galegas en Latinoamérica, que non dicimos que non precisaran xa desde hai anos, pero anuncialas agora soa a soborno. Como a súa promesa de que Galiza acollerá a todos os emigrantes que queiran retornar aos que o Sr. Fraga lles garante un posto de traballo. Haberá que informar aos nosos compatriotas na Arxentina, Uruguai, Venezuela ou Brasil que aquí a xente moza non atopa traballo e que máis de 20.000 galeg@s marchan cada ano para a emigración.

E nesta liña, a Consellaría de Política Agroalimentaria está levando adiante unha campaña de envíos postais masivos para asegurar que ningún recuncho de Galiza quede sen ler a súa nova revista. A publicación chámase 'Galicia Rural. A revista do mundo rural galego'. Un panfleto electoralista do PP que nos presenta unha visión fantasiosa do agro.

Pero o discurso de Fraga: "Eu son Galiza, o salvador dos galegos, vou sempre con cartos nos petos para repartir a quen me serve", non tería éxito sen o amordazamento e a compra da opinión pública. Recentemente transcendeu que, para a campaña electoral de publicidade dos logros da Xunta, a prensa recibirá 2.000.000 de euros. Diante de tan rico bolo ninguén dirá o que non convén. Así se explican o silenciamento de actos como a presentación de "Hai que Botalos" (nin unha liña nos mesmos xornais que fixeron unha crítica feroz do filme..., sen miralo) e outras falcatruadas que se están preparando.